

ACTA DO CONSELLO PARROQUIAL DE REBOREDA  
XUNTANZA ORDINARIA 17 DE SETEMBRO DE 2015.

**ORDE DO DIA**

- 1 .- Aprobación da Acta anterior.
- 2 .- Información da situación actual das obras levadas a cabo na parroquia.
- 3 .- Rogos e preguntas.

Na Sociedade Labrego Cultural de Reboreda, sendo ás 20:35 horas do día 17 de setembro de 2015, despois da correspondente convocatoria, reuníronse as/os membros seguintes :

Maria Santos Reguera, representate da ANPA  
Cecilia Pérez Orxe, representante do BNG  
Rocio Lorenzo Alonso, representante da Asociación de Veciños.  
Jacinto Ricón Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.  
José Luis Casal Iglesias, representante de AER.  
Manuel Darriba Rivera, representante da Asociación de Veciños.  
Rubén Carrera Puentes, representante da Asociación Cultural.  
José Antonio Rodríguez Míguez, representante a Comunidade de Augas.  
Juan José Darriba Rivera, representante da Asociación de veciños.  
Marco Otero Villar, representante da ANPA.  
Juan Carlos Fernández Rodríguez, representante da Comunidade de Montes.  
Ricardo Otero Cabaleiro, representante do PP.

Todas/os elas/es baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de María José Barciela Barros, asistidas/os por min, M<sup>a</sup> Lourdes Fernández Arines, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Reboreda convocada para o día de hoxe.

Sendo ás 20:35 horas a Presidenta declarou aberta a sesión e comenouse coa orde do día.

**1 .- Aprobación da Acta anterior.**

Por unanimidade dos seus membros queda aprobada a Acta anterior.

## **2.- Información da situación actual das obras levadas a cabo na parroquia.**

A Presidenta pasa a enumerar as obras levadas a cabo na parroquia dende o derradeiro Consello Parroquial consistentes en :

- Remate da Ponte de Xulián.
- Instalación do alumeadado na rotonda de Santos e no camiño da Misión.
- Instalación marquesina na de Fin.
- Colocación espello no cruce da Garonda e na de Fin.
- Construcción muro do Cotiño.
- Asfaltado entrada a de Moncho.
- Asfaltado carretera da Quintana ata a Garonda.
- Colocación de dous puntos de luz no camiño da filla de Carlos.
- Colocación de tubería na carretera que vai o colexio para canalización da auga que baixa da Carambola.
- Instalación fonte do Casal.
- Pintado da carretera diante do cemiterio.
- Construcción muro do Cotiño, xunto o peirao.

## **3.- Rogos e Preguntas.**

A presidenta informa as/os membros do Consello que no orzamento xeral do concello para este ano non se aprobaron os participativos, que pola súa parte, ten os proxectos das obras acordadas en consellos anteriores bastante adiantas a nivel técnico, pero que non se poden levar a cabo.

Cecilia Pérez Orxe explica que o Orzamento Xeral do Concello de Redondela está prorrogado para este ano, o que implica que os cartos dos participativos seguen na mesma partida, pero que se celebrou un Pleno donde se discutía o tipo de reparto que se iba a aplicar a estes cartos, e foi neste punto donde os diferentes partidos que conforman a corporación non chegaron a un acordo. Ata o de agora aplicabase un reparto lineal, pero ó BNG, non lle parece xusto ter en conta so este criterio, propoñen que se busque un reparto mais equitativo, que teña en conta varias variables.

Jose Luis Casal Iglesias dí que o tema principal no que ten que insistir o Consello Parroquial é en que os participativos sexan realmente participativos, que as obras a levar a cabo se decidan entre os veciños e non so algunhas persoas.

Juan José Darriba Rivera dí que as propostas que eles levan ó Consello son aprobadas nas asambleas da asociación de veciños.

Juan Carlos Fernández Rodríguez opina que os veciños deberían protestar no concello para que lles den eses cartos.

Cecilia Pérez Orxe dí que os cartos están no concello, e que un medio para seguir coas obras propostas sería facer modificacións de crédito para incrementar a partida de obras para levar a cabo nas parroquias

José Antonio Rodríguez opina que dese xeito a decisión do que se vai a facer na parroquia a van a ter os concelleiros e non os veciños, e pregunta si os concelleiros teñen a vontade de chegar a un acordo entre os partidos.

A presidenta dí que teñen toda a vontade pero hai que ver coma se fai.

Cecilia Pérez Orxe opina que hai que conseguir o compromiso de todos os concelleiros dos partidos políticos con representación no consello para presentar no concello propostas de obras na parroquia, pero obras que teñan certa entidade, porque os pequenos arranxos podense costear coas partidas do concello.

Juan José Darriba pregunta porque non se asfaltó o camiño de Susana enteiro.

M<sup>a</sup> José Barciela dí que todas as casas entran por asfalto.

Juan Carlos Fernández dí que a xente protesta pola caseta que puxeron donde vive José Luis Casal porque o autobús do colexio non pode pasar.

Marco Otero Villar pregunta a posibilidade que hai de pechar as cunetas ao redor do colexio, meter rexillas e facer beirarúas.

Juan Carlos Fernández dí que o arranxo de todas as carreteras que van ó colexio estaría moi ben pero que compre que os veciños cedan terreo, explicando a presidenta que os veciños non van a ceder.

Juan José Darriba pregunta como está o Paseo das Cataratas.

M<sup>a</sup> José Barciela explica que Julio permite o paso dos pescadores ao redor da casa e que a lei o ampara e non hai forma de obrígalos a cedelo paso.

José Antonio Rodríguez pregunta porque lle deixaron abrir un portal o que a presidenta responde que ten todo escriturado e que antiguamente non se controlaban estas cosas. O representante da Comunidade de Augas dí que no concello falla un inventario de todos os seus bens.

Juan José Darriba pregunta quen ten que limpar o ramal que sae dende a estrada que vai a Amoedo a casa de Antonio Monteagudo o que a presidenta contesta que lle corresponde a asociación de veciños por que este terreo fora cedido pola comunidade de montes a asociación, Juan Jose di que el non sabe nada, ó que Cecilia Pérez responde

que ainda que cambien a directivas das entidades os acordos que foron tomados anteriormente hai que respetalos.

Jacinto Ricón dí ca comunidade de montes non lle importaria limpalo sempre e cando o concello regule o tráfico durante a limpeza.

Juan José Darriba pregunta coma está o tema do Auditorio do Carballo das Cen polas porque xa había un proxecto para o aparcamento e varias cousas adiantadas.

Cecilia Pérez responde que nestes momentos hai outras prioridades na parroquia.

Juan Carlos Fernández dí que é mais importante adecentar todos os camiños que van o colexio que o auditorio.

José Luis Casal cree que se podería facer un auditorio de forma mais natural sen contar con tanto presuposto ó que a presidenta responde que iso non é posible porque xa se lles ofreció este espazo a asociación Millo Verde para a celebración do seu festival e o rexeitaron porque non teñen acceso para o transporte, acceso a electricidade..... e para facilitarlles todas esas infraestruturas fan falla proxectos e inversións.

Juan Jose Darriba pregunta se podería poñerse unha sinal de STOP ou Ceda o Paso no Cristo da Riva, a presidenta responde que puxeron un espello pero a Juan José Darriba parecelle insuficiente e solicita balizas reflectantes.

Juan José Darriba pregunta por varios lugares da parroquia que carecen de alcantarillado entre as que se atopa a Revolta, o camiño das Lamelas, donde vive o matababras ou o do carnero. Os veciños dalgunhas zonas ofreceron facer eles as obras si o concello aporta os materiais.

O representante da ANPA pregunta se o pavillón do colexio está conectado ó alcantarillado o que a presidenta respondelle que habería que comprobalo pero ela cree que si , porque nunca vaciose unha posible fosa séptica.

Juan José Darriba pregunta porque na Ponte de Xulián so se fixo unha beirarrua, a presidenta responde que levou o proxecto da ponte o consello parroquial, que xa explicou que soo estaba proxectada unha beirarrua, co concello solitara outra pero que non era viable.

Cecilia Pérez pregunta pola pedra que se quitó da ponte e a presidenta dí que está almacenada en Mañó para cuando se necesite.

Cecilia Pérez tamén pregunta cando se vai a facer a limpeza dos camiños, sobretudo o de Pousadouro que vai o colexio, M<sup>a</sup> José Barcieda dí que a limpeza dese camiño

correspondelle a Deputación, que xa empezaron pero o están a facer bastante mal e que se seguen así terá que facelo o concello.

MªJose Barciela dí que hai que chegar a un acordo entre todos para ver que proxecto vai a realizar o concello na parroquia o ano que ven

Juan Carlos Fernández opina que o arranxo dos camiños que van ó colexio é o que mais necesita a parroquia nestes momentos pero que quizais deberiase celebrar unha assemblea da asociación de veciños e entre todos decidir que obra solicitar.

AS 21:45 horas abandona a sesión Ricardo Otero Cabaleiro.

Por unanimidade dos asistentes adoptase o seguinte acordo :

**- Arranxo do camiño de Pousadouro, coa canalizacións das augas e o seu ensanchamento donde sexa posible.**

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo ás vintedous horas da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presenta ACTA da que, coma Secretaria do Consello, DOU FE.